



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos maiores e máis transitados eixes urbanos da cidade de Santiago é a Avenida de Xoán XXIII, aberta na década dos sesenta do pasado século como unha vía directa para a entrada de vehículos –e singularmente de autobuses- cara a cidade histórica. A través dela acceden á cidade unha gran maioría de visitantes, polo que a súa condición de entrada e saída resulta transcendente para a primeira e última impresión da imaxe da nosa cidade.


Tendo en conta esa transcendencia, a principios dos anos 90 acometeuse unha profunda transformación e reordenación desa avenida, probablemente a primeira intervención de gran calado nas inmediacións do núcleo histórico, para resolver o acceso rodado e mellorar o espazo de estacionamento, tratando de harmonizar a nova obra cos edificios históricos máis próximos.

No resultado final da obra acada un gran protagonismo a estrutura metálica, a xeito de monumental marquesiña acristalada, soportada por grosas columnas de aceiro, deseñada polos arquitectos Albert Vilaplana e Helio Piñón, autores tamén do proxecto do conxunto da mellora.

A marquesiña protexe das inclemencias climáticas e marca o itinerario que seguen milleiros de persoas cara á Praza do Obradoiro, a Catedral e o contorno histórico da nosa cidade. Pero, a pesar dese carácter de limiar, de punto de referencia inicial e final de miles de visitas, a singular marquesiña de Xoán XXIII non ofrece unha imaxe de coidado e de atención acorde coa calidade ambiental que se espera dunha Cidade Patrimonio da Humanidade.

Certamente, a falta de limpeza da súa superficie de cristal, non é un problema recente, pero co paso dos meses o seu aspecto ten empeorado, tal e como se ten advertido recentemente na prensa local.

Tendo en conta que nos aproximamos ao verán, co que iso significa de mellora das condicións para os traballos no exterior e de proximidade á festividade do Apóstolo e Día de Galicia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:



***Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para a limpeza da superficie de cristal da marquesiña da Avenida de Xoán XXIII, velando polo seu mantemento periódico de cara ao futuro.***

Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2016.

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular